

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA O ANO 2022, ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLLIDA "ACOUGO", PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XERANDO CULTURA DE ACOLLEMENTO, NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA – FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA – NEXTGENERATIONEU.

Santiago de Compostela, (na data da sinatura dixital)

REUNIDOS

Dunha banda, dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Xuventude, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Xuventude, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 60/2022, do 15 de maio, do seu nomeamento, o Decreto 58/2022, do 15 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 73/2022, do 25 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, e o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado no *Diario Oficial de Galicia* por Resolución de 8 de abril de 1991.

E doutra, Rebeca Pereira Ferrón, con NIF 25733623G, presidenta da Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" (NIF G-70605530), con domicilio social na rúa Ángel Rodríguez González n.º 32, C.P. 15702 de Santiago de Compostela, actuando en calidade de representante da entidade, de acordo co establecido no art. 29 dos estatutos da entidade e tal como se reflicte no seu certificado da modificación da composición da Xunta Directiva adoptado pola Asemblea Xeral da asociación o 25/01/2021.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,



EXPOÑEN

Primeiro. As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, capítulo VI do Título preliminar e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo. A Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que as persoas menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro. A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro. En virtude da dita competencia aprobáronse a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto. A Consellería de Política Social e Xuventude, a través da Dirección Xeral con competencias en materia de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumida segundo o artigo 14. 1. b) do Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 7 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo



Decreto 406/2003, do 29 de outubro, na Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, a Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia.

Quinto. O acollemento familiar pode definirse como aquel recurso de protección temporal e revogable, orientado ao coidado de menores que se atopan privados, aínda que sexa circunstancialmente, dunha axeitada atención e que consiste en confiar o coidado dun neno ou adolescente a unha persoa ou familia que reúna as condicións persoais, educativas e materiais necesarias para proporcionarlle unha vida familiar.

É un recurso de protección que implica a separación do menor dos seus proxenitores/titores e a asunción dos seus coidados por unha persoa ou familia distinta, con vínculos de parentesco (familia extensa) ou sen eles (familia allea).

Todos os menores en acollemento familiar estarán baixo unha medida de protección (tutela ou garda), adoptada pola xefatura territorial da Consellería de Política Social e Xuventude ou polo xuíz, conforme o establecido na Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.

As situacións que poden dar orixe a un acollemento familiar son:

- Menores declarados en desamparo. A Entidade Pública asume a tutela e delega a garda do neno ou adolescente na familia acolledora.
- Menores en garda administrativa ou xudicial, a solicitude dos seus pais ou titores cando por circunstancias graves non podan coidalos (e así o estime a Entidade Pública) ou porque así o determine o xuíz. A Administración asume a garda do menor e a delega na familia acolledora.

A través da medida de acollemento familiar, exerceuse a garda do menor pola persoa ou núcleo familiar acolledor, tendo a obriga de velar por el, telo na súa compañía, alimentalo, educalo e procurarlle unha formación integral.

A Declaración dos Dereitos do Neno aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de



novembro de 1989 recoñece no seu preámbulo que o neno, para o pleno e harmonioso desenvolvemento da súa personalidade, debe crecer no seo dunha familia, nun ambiente de felicidade, amor e comprensión.

A modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia levada a cabo polo lexislador estatal no ano 2015, pon especial énfase na regulación do acollemento familiar co fundamento de que o menor necesita un ambiente familiar para un adecuado desenvolvemento da súa personalidade, e establece a prioridade sobre o acollemento residencial para calquera menor e especialmente para os menores de 6 anos. Así mesmo se determina que non se pode acordar o acollemento residencial para menores de 3 anos, agás supostos de imposibilidade de adoptar nese momento a medida de acollemento familiar ou cando este non conveña ao seu interese.

Todo o anterior determina a necesidade de contar con familias dispostas a asumir o reto que supón o acollemento familiar e a obriga das Entidades Públicas na difusión, promoción e formación en relación con este recurso de protección.

Sexto. A Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" é unha entidade sen ánimo de lucro que se rexe polos seus estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación é demais normativa aplicable. Está inscrita no Rexistro Central de Asociacións co número 202/023977-1º, así mesmo está recoñecida e inscrita no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E7138.

A Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO", vén desenvolvendo labores de formación e difusión no eido do acollemento familiar a través do "Programa Xerando Cultura de Acollemento", de importante interese social, nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia.

A execución material do programa da entidade que se describe na cláusula primeira e no anexo II deste convenio materialízase co fomento a través da concesión directa dunha subvención pública coa sinatura dun convenio de colaboración a favor da Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO", a cal está especializada no ámbito da infancia, cun traballo orientado a garantir o dereito dos nenos, nenas e adolescentes a vivir en familia achegando ás familias acolledoras e aos profesionais a realidade do acollemento de Galicia, así como promocionar espazos de reflexión en torno ao acollemento familiar.



Por outra banda, a Asociación Galega de Familias de Acolliada "ACOUGO" achega o valor engadido de cofinanciar o desenvolvemento do programa con fondos aportados por outras administracións públicas, privadas e tamén con fondos propios da entidade.

Os fins de interese xeral da Asociación son:

1. Protexer á infancia en Galicia.
2. Representar ás familias acolledoras, tanto familia extensa como familias alleas.
3. Fomentar o acollemento familiar en Galicia, e favorecer a desistitucionalización das persoas menores de idade do sistema de protección, e das persoas menores de idade non acompañadas.
4. Axudar ás familias acolledoras, nenos/as e xóvenes acollidos/as, no seu proceso de acollemento.
5. Xerar espazos de encontro e de compartir experiencias para as familias acolledoras.
6. Divulgar e sensibilizar á poboación en materia de medidas de protección de menores.
7. Formar e facilitar a formación regrada ou non, para as familias acolledoras, e menores ou xóvenes acollidos/as, tanto en familias como en centros residenciais.
8. Promover a formación específica para profesionais: dos servizos sociais das Administracións; Autonómica, Provinciais, locais, así como outros axentes involucrados na intervención con menores, familias biolóxicas, acolledoras, etc.
9. Promover o autoemprego, procura de emprego activa e específica para xóvenes que estiveron, ou están no sistema de protección. E/ou familias biolóxicas.
10. Xerar e potenciar a utilización de espazos comúns de lecer/aprendizaxe coas familias de orixe e biolóxicas, nos casos nos que sexa recomendable.



11. Articular e propor redes e infraestruturas externas adicadas a facilitar o desenvolvemento das visitas e relacións coas familias de orixe.
12. Promover a conciliación do ámbito familiar coa vida profesional e a participación social e política, de forma que se alcance unha verdadeira igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
13. Investigar e colaborar coa investigación desde a perspectiva de xénero, con relación á situación actual das persoas menores, e xóvenes que están ou estiveron no sistema de protección en Galicia, ou si é o caso, en España.
14. Participar e traballar coa Administración para procurar novos modelos que unifiquen criterios, en materia de acollemento, nas catro provincias Galegas.
15. Publicar e facilitar documentación e resultados de interese a outras Administracións, Autonómicas, Provinciais ou locais.
16. Promover unha conciencia social positiva e de respecto ao dereito fundamental das persoas menores de idade a crecer en familia.
17. Acadar o interese superior das persoas menores de idade, sempre.
18. Fomentar e facilitar a reciclaxe e reutilización de materiais de puericultura, roupa, material escolar, etc.

A asociación, para a consecución dos seus fins, e a mero título enunciativo e non restritivo, pode realizar as seguintes actividades:

- a) Colaborar coas Administracións Públicas, e coas institucións que se adican á protección de menores, aportando experiencias, tempo, dedicación e profesionais, tendo en conta sempre o interese superior da persoa menor de idade.
- b) Crear Puntos de atención, información, asesoramento e acompañamento para as familias acolledoras.



- c) Crear unha rede de colaboradores, voluntarios e socios, contando tamén co persoal contratado que se estime necesario para a consecución dos fins, anteriormente descritos.
- d) Promover actividades culturais como Cinema Forum, Teatro Social, expresión corporal, ciclos de música, debates, etc. Facendo posible a sensibilización por parte da sociedade nos temas de interese e facilitando a participación cidadá.
- e) Convocar con frecuencia grupos de traballo ou terapéuticos, charlas formativas e informativas, seminarios, etc., tanto para usuarios, persoal, membros da Asociación, como para calquera persoa interesada nas temáticas que se propoñan.
- f) Calquera actividade que de forma lícita permita conseguir fondos para a intervención directa cos usuarios, o mantemento e funcionamento da asociación.
- g) Mediar con Institucións de ámbito Público ou Privado, en situacións de denuncia Social, ou para a consecución de obxectivos comúns en beneficio das persoas menores de idade, as súas familias biolóxicas e as familias acolledoras.
- h) Elaborar proxectos destinados a dar alternativas reais como métodos de conciliación, efectiva, comunicacións interxeneracionais, espazos comúns, actividades simultáneas, etc.
- i) Establecer convenios con Entidades Sociais, Administracións públicas ou privadas, con empresas, ou cooperativas, que sexan de interese para a consecución dos fins anteriormente expostos.
- j) Establecer convenios con universidades ou entidades dedicadas á investigación no ámbito Científico Social, tanto para investigar como para pór en práctica os resultados das devanditas investigacións.
- k) Calquera outra actividade que se propoña para acadar o interese superior das persoas menores de idade.

Sétimo. Que a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social e Xuventude considera prioritario potenciar o acollemento familiar de menores e está interesada en fomentar a través da



concesión directa dunha subvención pública a execución do "Programa Xerando Cultura de Acollemento" da Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO", fomentar a figura do acollemento familiar e así, garantir o dereito do/a menor a vivir nunha familia, por ser o medio óptimo para o seu desenvolvemento.

A Consellería de Política Social e Xuventude considera de especial importancia favorecer a programas como o que se describe, a través do cal a Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" aporta un punto de vista único para desenvolver a actividade do programa, debido a que enfoca o seu traballo dende a perspectiva de familias acolledoras que poden transmitir en primeira persoa a experiencia característica deste proceso.

Considérase polo tanto idónea á Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" pola súa experiencia no ámbito da formación, asesoramento e atención ás familias en proceso de acollemento e familias acolledoras, contando ademais con recursos humanos e estrutura suficiente para desenvolver as actividades propias do programa.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o programa financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario.

Esta entidade ten acreditado, que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma, coa Administración do Estado e coa Seguridade Social.

Tendo en conta o que antecede, a Consellería de Política Social e Xuventude considera idóneo o impulso á Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" para a execución do Programa "Xerando Cultura de Acollemento" no ano 2022.

Oitavo. A concesión da subvención directa a través deste convenio financiarase con fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR), segundo o Regulamento (UE) 2020/2094, do Consello, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, o Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo



de Recuperación e Resiliencia (MRR), Decisión do Consello de Europa, do 16 de xuño de 2021, polo que se aproba o o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España (PRTR), o Real decreto lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR, a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, a Orde HFP/1031/2021, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR e o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os Regulamentos (UE) n.º.1296/2013, (UE) n.º. 1301/2013, (UE) n.º. 1303/2013, (UE) n.º. 1304/2013, (UE) n.º. 1309/2013, (UE) n.º. 1316/2013, (UE) n.º. 223/2014 e (UE) n.º. 283/2014 e a Decisión n.º. 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) n.º. 966/2012 (Regulamento Financeiro).

Noveno. A concesión directa da subvención a través do convenio está amparada polo dito Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, en concreto encaixa na liña de inversión I2 do proxecto número 7 (Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia) incluído no Compoñente 22 “Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social”, segundo o anexo I do Convenio de colaboración entre o Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030 e a Comunidade Autónoma de Galicia para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do Mecanismo para a Recuperación e Resiliencia (MRR). No citado proxecto n.º 7 inclúense actuacións de promoción e fomento do acollemento familiar a través de campañas de difusión do acollemento dirixidas directamente ás potenciais familias acolledoras, a través doutras familias que xa teñan experiencia neste recurso, para favorecer o contacto directo e o intercambio real de experiencias que fomenten novas participacións.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é a concesión directa dunha subvención pública da Consellería de Política Social e Xuventude para o financiamento á Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" para o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia do "Programa Xerando Cultura de Acollemento" do que é titular a dita entidade, mediante o cal se facilita o adecuado desenvolvemento da persoa menor acollida mediante a orientación, o asesoramento, acompañamento e apoio especializado ás familias acolledoras e/ou as persoas menores.

O financiamento da Consellería de Política Social e Xuventude ao dito programa realizarase a través dos fondos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia procedentes de fondos europeos segundo convenio asinado ao efecto entre a entón Consellería de Política Social e o Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030 o 20/08/2021.

SEGUNDA.- BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA

Son beneficiarios do programa nenos, nenas, adolescentes, mozos e mozas, en situación de desamparo ou risco social, así como as súas familias biolóxicas e acolledoras.

TERCEIRA. OBXECTIVOS E CONTIDO DO PROGRAMA

1. O obxectivo do programa é achegar á sociedade a realidade das nenas, nenos e adolescentes en situación de desprotección e, a partir de aí, tratar coas familias acolledoras ou potencialmente acolledoras para ofrecer a preparación, a orientación, o acompañamento e o apoio para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas dos menores acollidos.

Como obxectivos específicos establécense:

- a) Xerar conciencia de cultura de acollemento nas catro Provincias de Galicia, achegar a realidade de nenas, nenos e adolescentes que non poden estar coas súas familias, e viven máis ou menos tempo, dependendo do caso, en institucións residenciais. Tamén a realidade das súas



familias e das familias acolledoras.

b) Capacitar as persoas participantes de toda a Comunidade Autónoma, a través da aprendizaxe en materia de acollemento familiar, a fin de que se poidan manexar de xeito independente e autónomo, aumenten a súa participación social e amplíen as súas expectativas persoais e/ou laborais.

c) Favorecer que o espazo de relacións humanas derivadas das actividades obxecto deste convenio xere interese en materia de protección de menores e disipe dúbidas e medos con respecto do acollemento familiar.

d) Crear actitudes favorables cara a valoración, formación, capacitación e idoneidade, que imparten outras entidades relacionadas co acollemento familiar.

e) Axudar as familias acolledoras de toda Galicia a previr e tratar a dificultades derivadas do acollemento familiar, cunha perspectiva de xénero, e nunha postura entre iguais, tentando acadar maior corresponsabilidade dentro e fóra do núcleo de convivencia familiar, facilitando as xestións burocráticas ou de calquera índole, dende a atención dun equipo profesional interdisciplinar.

2. Para a súa consecución desenvolveranse as seguintes actividades:

a) Atención telefónica, electrónica e presencial ás familias en proceso de acollemento e ás familias acolledoras co fin de dar orientación e asesoramento desde unha perspectiva horizontal entre iguais, coa experiencia en primeira persoa como familias acolledoras.

b) Creación de grupos de apoio, escolas de nais e pais e obradoiros específicos coa presenza de familias con experiencia no acollemento e profesionais especializados para dotar as familias de recursos e habilidades imprescindibles para a integración social do menor e a súa vinculación familiar na múltiple visión de familia acolledora-familia biolóxica, ou, no seu caso, familia adoptiva.

As actuacións a desenvolver distribuiranse en 3 proxectos:



- Espallando semente: no que se encadran todas as actuacións de difusión da medida de acollemento familiar.
- Acougo Orballo: con formación circular en calquera nas etapas nas que se encontre a persoa ou familia destinataria.
- Acougo Colleita: medidas de acompañamento e mediación coas familias acolledoras.

O detalle correspondente ás actividades indicadas anteriormente reflíctese no anexo II Programa Xerando Cultura do Acollemento.

CUARTA. COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLLIDA "ACOUGO"

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, son obrigas da entidade beneficiaria:

- a) A Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e someterse ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social e Xuventude a través da dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica poida requirirlle para a debida xustificación da axuda concedida e do cumprimento dos fins deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.
- b) Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e 14.c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Cumprir todos e cada un dos obxectivos, actividades e proxectos, adoptar os comportamentos que fundamentaron a concesión da subvención e cumprir os compromisos asumidos con motivo desta. Noutro caso, procederá o reintegro total ou parcial, atendendo aos criterios establecidos no convenio.



- d) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o gozo da subvención.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación de comprobación e control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- f) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, así como a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- g) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases establecidas neste convenio, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.
- h) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. Así mesmo, de conformidade co artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (en adiante MRR), é preceptiva a conservación da dita documentación durante un período de 5 anos a partir do pago do saldo.
- i) Incluír na publicidade e en todo tipo de documentación e información relacionada coas actividades obxecto do programa e nos lugares onde estas se realicen: "Subvencionado pola Xunta de Galicia – Consellería de Política Social e Xuventude", co seu respectivo logotipo.



- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e artigo 74 e seguintes do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.
- k) Aceptar a cesión de datos ás Administracións Públicas implicadas nos termos indicados no Anexo III.
- l) Presentar a declaración responsable relativa ao compromiso do cumprimento dos principios transversais establecidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en adiante PRTR), nos termos indicados no Anexo IV.
- m) Etiquetado verde e dixital: En aplicación dos artigos 2.2.b) e 4 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR, deberán preverse medidas para cumprir o compromiso de etiquetado verde e dixital previsto (para cada compoñente) no PRTR, con base no Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro.
- n) A execución do MRR exige o compromiso no cumprimento do principio horizontal de "non causar prexuízo significativo" que define o artigo 2.6) do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, respecto dos 6 obxectivos medioambientais recollidos no artigo 5 da Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, e definidos no Regulamento (UE) 2020/852 do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de xuño de 2020 relativo ao establecemento dun marco para facilitar as inversións sostibles e polo que se modifica o Regulamento 2019/2088 de taxonomía da UE.
- o) Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do/a menor sobre calquera outro.
- p) A Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



2. A realización das actuacións a subvencionar que forman parte do programa da entidade axustaranse a:

- a) Realizar todas as actividades de difusión, formación e acompañamento descritas na cláusula terceira, dende a posición especializada que lle da á Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" a súa perspectiva de asociación de familias acolledoras.
- b) Adaptar o desenvolvemento das actividades á situación sanitaria específica do ano 2022 derivada da COVID 19, a través da aplicación das medidas de seguridade sanitarias e dos medios técnicos e tecnolóxicos precisos para o desenvolvemento presencial e non presencial do programa.
- c) Elaborar, dentro do mes seguinte á finalización do programa, unha memoria na que se recollerán, entre outros, os seguintes aspectos: actividades realizadas, recursos empregados, datos estatísticos, valoración global e propostas de mellora.
- d) Desenvolver as actividades necesarias para a formación do persoal encargado da execución do programa.
- e) Asegurarse do mantemento do control de calidade en todas as fases de execución do programa.
- f) Non percibir remuneración ningunha por parte das persoas usuarias do programa.

QUINTA.- PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento do programa a Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" disporá de persoal especializado nesta área de actuación.

O persoal que a Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Xuventude, debendo ser a citada entidade a que imparta as oportunas ordes aos seus traballadores e a que ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregador.



A formalización do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social e Xuventude, polo que non se lle poderá esixir a esta, responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SEXTA.- CONDICIÓN ECONÓMICAS

1. A Consellería de Política Social e Xuventude contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da execución do presente programa que se subvenciona a través do convenio cunha contía global de cento quince mil cento sesenta e oito euros con setenta e dous céntimos (115.168,72 €) con cargo a fondos procedentes do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU, segundo o Convenio asinado ao efecto con data do 27/08/2021 entre a Consellería de Política Social e o Ministerio de Derechos Sociais y Agenda 2030 e con cargo á aplicación orzamentaria 13.02.312B.481.00 na que existe crédito axeitado e suficiente para este fin.

A subvención límitase á financiación dos gastos que aparecen desagregados no Anexo I e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Así mesmo, a Asociación Galega de Familias de Acolida "ACOUGO" comprométese a achegar a cantidade de sete mil cincocentos cincuenta euros (7.550,00 €) procedentes de fondos propios da entidade e/ou de subvencións recibidas por esta.

As ditas cantidades destinaranse a soportar os gastos que aparecen desagregados no anexo I. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada por cada unha das partes no convenio non varíe.

2. O pagamento da subvención realizarase á Asociación Galega de Familias de Acolida "ACOUGO", en aplicación dos artigos 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, do seguinte xeito:

- a) Tras a sinatura do presente convenio poderán realizarse pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 92.134,98 € (80% da cantidade subvencionada), do seguinte xeito:

- 1º. A cantidade de 24.116,87 € (80% dos 18.000 primeiros euros máis o 10% dos



97.168,72 € restantes), será satisfeita no intre no que se asine o convenio á Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" co obxecto de que se poidan cubrir custos por gastos inmediatos para a posta en marcha do programa. O emprego desta cantidade xustificárase mediante as correspondentes facturas antes do derradeiro pagamento.

A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por tratarse dunha entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.

2º. Ata 68.018,10 € pagaránse a medida que se xustifique a actividade descrita no programa a subvencionar a través deste convenio.

b) A cantidade de 23.033,74 € restantes (20% da cantidade subvencionada), pagaránse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

3. A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables, deben xustificarse de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto a Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" debe presentar:

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos e que debe incluír os seguintes apartados:

1º. Xustificación do gasto.

2º. Actividades realizadas.

3º. Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.

4º. Valoración global.

5º. Accións de innovación e investigación.



b) Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1º. Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago.

2º. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no apartado anterior á documentación acreditativa do pago.

3º. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia no ordinal 1º, agás naqueles casos nos que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.

4º. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, deba solicitar o beneficiario cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 40.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 15.000 euros no suposto de subministración de bens de equipo ou prestación de servizos por empresas de consultaría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten, ou salvo que o gasto se realice con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberán achegarse na xustificación, ou, se é o caso, na solicitude da subvención, realizarase de conformidade con criterios de eficiencia e economía, e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa.

c) En canto aos custos salariais, a Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" deberá presentar, referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:



- Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
- Recibos de salarios
- Documentos TC2 e TC1 dos traballadores correspondentes ao meses imputados
- Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190)

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do persoal técnico, cando este dedica o total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratada, o gasto imputado será proporcional á súa dedicación ás actuacións subvencionadas. A tal efecto se non se atopa diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, achegarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extrasalariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar.

Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non disfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución do traballador titular subvencionaranse os custos que ocasiona o traballador que substitúe ao traballador titular.
- No caso de que non se substitúa o traballador titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade (excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento.)



d) En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Consellería de Política Social e Xuventude, a través da dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica poderá consultar a través dos medios electrónicos dispoñibles os datos incluídos nos documentos que a continuación se indican elaborados polas administracións públicas agás oposición expresa da Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO", en cuxo caso deberá aportar a documentación acreditativa do cumprimento da dita obriga para o outorgamento da subvención:

- NIF da entidade.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Agencia Estatal de la Administración Tributaria.
- Certificado sobre o cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Certificado sobre cumprimento das obrigas tributarias coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

No caso da imposibilidade da obtención dos citados datos poderase solicitar á Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" a presentación dos documentos correspondentes.

5. A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados entre o 1 de xaneiro de 2022 e o 31 de decembro de 2022, e deberá presentarse na Consellería de Política Social e Xuventude, a través da dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica con data límite 23 de decembro de 2022.

A Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO", comprométese á presentación dos xustificantes de pago, relativos a custes salariais de 2022, que sexa imposible presentar en cada momento das fases de pagamento, no momento da xustificación final, así como os documentos xustificativos do gasto da seguridade social para o mes de decembro e o impreso de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre de 2022, con data límite de presentación do 15 de febreiro de 2023.



A Asociación Galega de Familias de Acollida “ACOUGO”, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

6. Sen prexuízo de que o gasto subvencionable no marco deste Convenio de Colaboración abarca unicamente o exercicio 2022 (ata 31 de decembro), a Asociación Galega de Familias de Acollida “ACOUGO” terá como prazo límite o 31 de xaneiro de 2023 para remitir á Consellería de Política Social e Xuventude a través da dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, unha memoria final de actuación do exercicio 2022, na que se recollerán as experiencias do funcionamento do programa, que incluirá: o número de persoas atendidas (persoas menores e familias atendidas, desglosadas segundo os criterios establecidos), as actividades realizadas, os medios humanos e materiais empregados.

SÉTIMA.- FRAUDE, CORRUPCIÓN E CONFLITO DE INTERESES

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade, en relación con actuacións financiadas total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes da Unión Europea no marco deste convenio, poderá poñer os ditos feitos en coñecemento do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude da Intervención Xeral do Estado, por medios electrónicos a través da canle habilitada para o efecto (<https://www.igae.pap.hacienda.gob.es/sitios/igae/es-ES/Paginas/denan.aspx>), nos termos establecidos na Comunicación 1/2017, do 6 de abril, do citado servizo.

Así mesmo, serán de aplicación ás actuacións deste convenio as medidas contempladas no Plan Específico de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social e Xuventude, que foi asinado o 12 de xaneiro de 2022.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da



Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario da subvención.

Queda prohibida a dobre financiación (artigo 188 do o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión, polo que se modifican os Regulamentos (UE) n.º.1296/2013, (UE) n.º. 1301/2013, (UE) n.º. 1303/2013, (UE) n.º. 1304/2013, (UE) n.º. 1309/2013, (UE) n.º. 1316/2013, (UE) n.º. 223/2014 e (UE) n.º. 283/2014 e a Decisión n.º. 541/2014/UE e polo que se derroga o Regulamento (UE, Euratom) n.º. 966/2012 (Regulamento Financeiro). As reformas e os proxectos de inversión financiados co MRR poderán recibir axuda doutros programas e instrumentos da UE sempre que a dita axuda non cubra o mesmo custo (artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro de 2021 (Regulamento MRR).

NOVENA.- INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos); a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

2. Os datos persoais e os consentimentos das persoas interesadas recadados no procedemento de concesión da subvención serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia- Consellería de Política Social e Xuventude, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da concesión da subvención a través deste convenio.



3. O tratamento dos datos no procedemento de concesión da subvención baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida nas cláusulas do convenio e na ficha do procedemento incluída na Guía de Procedementos e Servizos e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

4. Os datos serán comunicados ás Administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a execución do dito convenio ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, a publicidade dos datos identificativos das persoas interesadas, tendo en conta o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, estará suxeita ao cumprimento da normativa de transparencia, de subvencións coas limitacións que ao efecto procedan, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

5. As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

6. A Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" será responsable do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, tratará os datos coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. Os datos persoais aos que teña acceso non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

7. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679, do



Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016.

8. A entidade esixiralle, tanto ao persoal propio como a aquel persoal voluntario que participe no programa, un compromiso de confidencialidade sobre aqueles datos aos que teñan acceso pola súa participación no programa.

DÉCIMA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Xuventude e dous representantes da Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" designados polas persoas que representen a cada unha das partes, así como os seus suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da Administración designada pola persoa titular da dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica.

A persoa que ocupe a secretaría, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral con competencias en materia de familia, infancia e dinamización demográfica, designada pola persoa titular da Presidencia, que actuará con voz pero sen voto.

Como órgano colexiado a comisión someterase ás cláusulas do presente convenio e ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA. VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Non obstante os gastos das actuacións englobadas nas actividades do programa descritas no



presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2022 tamén poderán ser subvencionadas ao abeiro deste convenio.

DÉCIMO SEGUNDA. MODIFICACIONES

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da presente concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

DÉCIMO TERCEIRA. NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexerase polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 214/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014, así como pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Con respecto á financiación con fondos europeos rexerase polo Regulamento (UE) 2020/2094 do Consello de 14 de decembro de 2020 polo que se establece un instrumento de Recuperación da Unión Europea para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19, o Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, o Real Decreto-lei 36/2020, de 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de España aprobado na data 16/06/2021 pola Decisión de Execución do Consello, a Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, a Orde HFP/1030/2021, de 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, a Orde HFP/1031/2021, de 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico e Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das



medidas dos compoñentes do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e o Regulamento (UE, Euratom) 2018/1046, do 18 de xullo de 2018, sobre as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión (Regulamento Financeiro).

Segundo establece o artigo 22.2.e) do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello de 12 de febreiro de 2021 polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, as partes que interveñen neste convenio están sometidas ás actuacións de control que poida exercitar a Comisión Europea, a Oficina Europea de Loita contra a fraude (OLAF), o Tribunal de Contas Europeo e, cando proceda, á Fiscalía Europea.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Xuventude poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fose, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO CUARTA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS DA MESMA

Serán causas de resolución do presente convenio:

- a) Incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que o regulan.
- b) Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- c) Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.



- d) As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procedendo, se fose o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devindicados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social e Xuventude, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO QUINTA. COMUNICACIÓN, DIVULGACIÓN E PUBLICIDADE

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

Segundo a cláusula novena da Resolución de 11 de setembro de 2021, da Secretaría de Estado de Dereitos Sociais, pola que se publica o Convenio coa Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución de proxectos con cargo aos fondos europeos procedentes do MRR os asinantes comprométense a destacar, en cantas actividades realicen para a difusión das accións previstas no



presente Convenio, o financiamento efectuado pola Administración Xeral do Estado, así como facelo constar en cuantos materiais se reproduzan e utilicen para a difusión ou publicidade do convenio financiado, de acordo co establecido no «Manual de imaxe Institucional da Administración Xeral do Estado».

Adicionalmente, os asinantes farán mención da orixe deste financiamento e velarase por darlle visibilidade, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiamento adecuado que indique «financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU», en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público. Esta publicidade realizarase de conformidade co establecido no artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241, do 12 de febreiro, e conforme ao establecido no Manual de Marca do PRTR confeccionado pola Secretaría de Estado de Comunicación.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asinan o presente convenio no lugar e data da sinatura dixital.

POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL
E XUVENTUDE,

A conselleira

Fabiola García Martínez

POLA ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE
ACOLLIDA "ACOUGO",

A presidenta

Rebeca Pereira Ferrón



ANEXO I

Cadro económico

DESGLOSE DE GASTO PARA A EXECUCIÓN DO CONVENIO 2022 CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN GALEGA DE FAMILIAS DE ACOLLIDA "ACOUGO"					
Concepto	Custe mes con activi- dade vir- tual	Custe mes con activi- dade pre- sencial	Total	Asociación Galega de Familias de Acollida ACOUGO	Xunta de Ga- licia
<i>Gastos de persoal de coordi- nación do programa</i>	3.146,48	3.146,48	37.757,76	4.950	32.807,76
<i>Dietas/desprazamentos</i>	0	470	5.640	2.000	3.640
<i>Actividades, conferencias, obradoiros...</i>	200	200	2.400	200	2.200
<i>Gastos de persoal, Servizo de apoio e acompañamento</i>	5.823,58	5.823,58	69.882,96	0	69.882,96
<i>Comunicacións e gastos in- fornáticos (Gastos de dese- ño gráfico do programa e di- fusión en redes do mesmo, dominio web... derivados do programa)</i>	180	180	2.160	400	1.760
<i>Gastos de administración e xestión, (seguros de rc. Seguros de formación e se- guros de locais... derivados do programa)</i>	225	225	2.700	0	2.700
<i>Outros gastos, (xestoría e gastos de contabilidade ex- terna, derivados do progra- ma)</i>	181,50	181,50	2.178	0	2.178
Total	9.906,56 €	10,226,56 €	122.718,72 €	7.550,00 €	115.168,72 €



ANEXO II. PROGRAMA

Descrición das actuacións a desenvolver.

DESCRIPCIÓN XERAL DAS ACTUACIÓNS E ÁMBITO TERRITORIAL.

É de especial relevancia marcar a necesidade da posta en marcha deste programa con estes proxectos en toda a Comunidade Autónoma, facendo especial mención e incidir máis nas zonas de Galicia onde se necesita traballar máis para que resulten beneficiadas máis nenos, nenas e adolescentes institucionalizados, por non existir familias acolledoras ou ser insuficientes.

Para poder abarcar todo o territorio galego e tendo en conta a temporalidade dispoñible o primeiro paso vai ser dividir Galicia por comarcas, e estas serán as unidades de intervención por parte da Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO".

Cos datos estatísticos proporcionados pola Administración Autonómica, vanse extraer aquelas comarcas polas que se debe comezar, en función das necesidades actuais. Elixindo as comarcas por provincia por orde de prioridade.

Así mesmo, establécese a seguinte relación de obrigas de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno:

- a) Realizar todas as actividades de difusión, formación e acompañamento descritas na cláusula terceira, dende a posición especializada que lle da á Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO" a súa perspectiva de asociación de familias acolledoras.
- b) Adaptar o desenvolvemento das actividades á situación sanitaria específica do ano 2022 derivada da COVID 19, a través da aplicación das medidas de seguridade sanitarias e dos medios técnicos e tecnolóxicos precisos para o desenvolvemento presencial e non presencial do programa.
- c) Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de



menores e a primacía do superior interese da persoa menor sobre calquera outro.

- d) Levar a cabo a avaliación de resultados trala finalización do programa ou, en todo caso, transcorrido un ano desde a súa posta en marcha.
- e) Elaborar, dentro do mes seguinte á finalización do programa, unha memoria na que se recollerán, entre outros, os seguintes aspectos: actividades realizadas, recursos empregados, datos estatísticos, valoración global e propostas de mellora.
- f) Desenvolver as actividades necesarias para a formación do persoal encargado da execución do programa.
- g) Asegurarse do mantemento do control de calidade en todas as fases de execución do programa.
- h) Non percibir remuneración ningunha por parte das persoas usuarias do programa.

1. Descrición da Actuación 1._ DIFUSIÓN: "ACOUGO, ESPALLANDO SEMENTE"

As pautas xerais da actuación virán deseñadas polos seguintes puntos:

- Deseñar e imprimir todo o material do programa.
- Elaborar listados de tódalas comarcas por provincia, contactar con todos os Concellos da comarca, tras a valoración destes contactos, proceder á solicitude de cita presencial coa persoa representante comarcal (no caso de que a haxa), e facer un primeiro achegamento e explicación da Asociación, así como da difusión do propio programa de Acollemento familiar. Buscar a implicación, e estudar as particularidades da súa poboación, para posteriormente deseñar o máis axustado posible, unha difusión concreta. Asinarase un compromiso de colaboración cos concellos, no que constarían as distintas propostas de actividades , para achegarnos aos veciños e veciñas e falarlles do Sistema de Protección de Menores e concretamente do acollemento familiar.
- Posteriormente daráselles publicidade ás sesións na que se recollerá as actividades



específicas, o/s día/s e horario destas.

- Establecerase a continuidade e a posibilidade de pasar a unha segunda fase, de formación, despois da valoración das actividades de difusión. Quedando convocados estes concellos para seguir coa difusión ou pasar á formación no caso de que se vexa interese por parte dos interesados.

2. Descrición da Actuación 2._ Formación: "ACOUGO, ORBALLO"

Como unha continuidade e coa intención de facer unha formación circular en calquera das etapas nas que se encontren as persoas destinatarias da mesma, a proposta é a seguinte:

Formación tras a difusión, que virá derivada das sesións que pretenden achegar conceptos e situacións básicas do acollemento familiar. Diseñarase en función das dúbidas e inqedanzas das persoas beneficiarias dese primeiro achegamento, e queiran afondar un pouco máis no programa de acollemento familiar.

Formación das propias familias acolledoras, que, xuntándose con algunha temática de interese, poidamos achegar comarcamente, para facilitar espazos de compartir experiencias, enfocados a mitigar a tensión ou complexidade derivadas de acollementos pasados ou presentes, coa intención de interactuar e, tornar en positivas as experiencias, incluso fomentar a participación en sesións de formación, doutro nivel, como testemuños reais.

Formación solicitada para persoal técnico das entidades con interese neste eido, que sirva á súa vez como acción formativa e difusión do acollemento familiar.

A acción formativa que se solicita estrutúrase por bloques, o tempo e contido non é definitivo, en canto que irá en función das propostas ou necesidade de cada grupo. Adaptando niveis, dentro das áreas de interese e dispoñibilidade das persoas destinataria.

A maiores da formación específica programarase un módulo transversal que versará sobre a igualdade de xénero, e que contará co contido adaptado ás necesidades anteriormente dispostas.

A continuación preséntase o programa da acción formativa.



PROXECTO FORMATIVO

Formación sobre acollemento familiar ACOUGO, "ACÓLLEME".

TOTAL DE MÓDULOS 3

Obxectivos xerais:

- Identificar situacións que se poden dar nas familias de orixe e traballar a empatía.
- Coñecer o sistema de Protección de Menores en España, sensibilizar á cidadanía sobre as necesidades dos nenos, nenas e adolescentes do sistema de Protección, as familias biolóxicas e familias acolledoras de Galicia.

Obxectivos específicos:

- Coñecer a estrutura básica do Sistema de Protección de Menores en España e Galicia.
- Recoñecer o abano de supostos que se poden dar na retirada ou abandono voluntario de menores.
- Comprender a importancia, case sen excepcións, do vínculo do neno, nena ou adolescente coa familia de orixe/biolóxica
- Coñecer a terminoloxía básica en materia de Protección: Acollemento residencial e familiar en allea ou extensa, tipos de acollemento...
- Diferenciar de xeito claro as medidas de protección: acollemento e adopción.
- Sensibilizar á sociedade en materia de protección de menores.
- Lograr incrementar o interese das persoas ou familias en participar no programa de Acollemento de Cruz Vermella.



MÓDULO I Primeiro achegamento ao sistema de Protección NIVEL INICIAL

Unidade 1: Presentámonos; traballando xuntos/as polo ben dos nenos, nenas e adolescentes

Unidade 2: Terminoloxía básica en materia de Protección. Administracións e entidades implicadas. Medidas de protección Adopción e Acollemento. Principais diferencias

Unidade 3: Acollemento residencial e familiar en allea ou extensa, tipos de acollemento.

Achegamento a casos prácticos. Dinámica de avaliación para valoración de paso a módulo II

Reparto e recollida de cuestións, dúbidas e reflexións en materia de ACOLLEMENTO

MÓDULO II Profundando NIVEL INTERMEDIO

Unidade 1: Respondendo ás dúbidas do módulo anterior. Resume do Módulo I

Unidade 2: Necesidades da infancia, adolescencia e do sistema de protección

Unidade 3: Necesidades das familias acolledoras

MÓDULO III Especializando NIVEL AVANZADO

Unidade 1.- Detalle da Normativa internacional, Nacional e Autonómica en materia de menores en protección

Unidade 2.- Presentación de novos modelos de intervención.

Unidade 3.- Problemáticas das partes do Sistema de Protección.



MÓDULO TRANSVERSAL

SENSIBILIZACIÓN CARA A IGUALDADE DE XÉNERO

UNIDADE 1.- A igualdade de oportunidades. Conceptos básicos.

- Significa o mesmo sexo e xénero?
- Como aprendemos a ser mulleres e homes?
- Os roles de xénero. Os cambios de rol na muller e o seu impacto na estrutura familiar.
- A relatividade do xénero segundo as culturas.

UNIDADE 2.- A igualdade no traballo

- División sexual do traballo.
- Traballo produtivo e traballo reprodutivo.
- A situación das mulleres no mundo laboral.
- A segregación horizontal e vertical

UNIDADE 3.- A desigualdade no uso dos tempos

- Concepto de conciliación.
- Estratexias de conciliación.
- A corresponsabilidade familiar.
- Axentes implicados para acadar a conciliación

UNIDADE 4.- A violencia machista



- A educación como prevención.
- Xénero, medios de comunicación e publicidade.

Acción formativa

O persoal docente, a maiores de impartir as sesións de formación, dedicará parte da súa xornada a desenvolver as seguintes tarefas:

- Elaboración de material didáctico.
- Información sobre os programas que se realizan dentro do sistema de protección de menores e en particular dentro do acollemento familiar, así como dos proxectos das entidades de iniciativa social destinados ás ditas persoas menores e ás familias.
- Elaboración dos informes pertinentes derivados da acción formativa, e seguinte remisión á Administración.

Neste senso, debido ao crecemento de Acougo, no ano 2022 contamos con estar presentes en diversos congresos, para ampliar coñecementos e compartilos (xa comezamos con esta labor durante o ano 2021). Nestes encontros compartimos a nosa experiencia sobre o acollemento familiar en Galicia, en particular o modelo que levamos a cabo en Galicia de visibilizar o acollemento familiar desde os concellos.

3. Descrición da Actuación 3. Medidas de acompañamento e mediación coas familias acolledoras: servizo de conciliación familiar: "ACOUGO, COLLEITA"

As distintas e diversas situacións que se poden dar derivadas dun acollemento poden provocar realidade, que non se contemplaron na formación previa ou de idoneidade propiamente dita. Isto pode xerar unha parálise na dinámica familiar da familia acollidora, que provoque certas inseguridades.

Por exemplo algunha xestión burocrática (a matrícula do colexio, a solicitude dunha beca, da tarxeta sanitaria, o empadroamento, o permiso de paternidade ou maternidade, a tarxeta de



familia numerosa...), unha reacción nalgún dos membros da familia (un ataque de ciúmes dun/dunha fillo/a de moita relevancia ou esporádico), calquera situación, que, a priori, non é de grande dificultade, pero que dada a especial característica da acollida, e coa posibilidade de que esas inseguridades se tornen en medo, en moitos casos non se busca apoio especializado, por non querer molestar, ou non dar a imaxe de maximizar problemas, que en teoría non teñen por que ter, pero téñense.

Cando falamos de familias acolledoras, falamos de todos os membros da unidade familiar, as súas particularidades e a relación interpersonal entre cada persoa e co/a acollido/a. Tal e como queda reflectido, a complexidade de traballar coas familias, e co acollemento ao mesmo tempo, require dunha especialización concreta. A Asociación Galega de Familias de Acollida "ACOUGO", achega un ingrediente fundamental, xa que esta atención complementábase dende unha intervención profesional, pero entre iguais. Son familias acolledoras, acompañadas por familias acolledoras. E isto é dun incalculable valor xa que reúne a competencia técnica coa experiencia en primeira persoa sobre o acollemento familiar.

O concepto de conciliación preséntase como unha acción complementaria ás tres actuacións anteriormente descritas, principalmente á actuación de formación, coa que se tentará prestar servizo ás familias participantes, garantindo que poidan asistir ás sesións de clase, no caso de que así o soliciten. Considérase este punto de especial relevancia, dado que en moitas ocasións, hai baixas en formacións onde non se oferta este servizo.

A persoa responsable do servizo de conciliación máis alá das tarefas propias de atención e coidado das nenas e nenos, desenvolverá actividades lúdico-formativas e prestará atención ás particularidades dos cativos tanto na esfera persoal, como emocional, social e educativa. A información que se extrae destes espazos resulta de moito valor técnico, e permite ver cales son os temas de interese para abordar en futuras intervencións, tanto formativas como de acompañamento ou mediación. Traballaranse temáticas adaptadas ás súas idades, sempre relacionadas coa adquisición de competencias para o bo desenvolvemento do acollemento, valores universalmente recoñecidos: tolerancia, respecto, igualdade, corresponsabilidade, solidariedade, etc.

O horario do servizo de conciliación adaptarase ao horario da acción formativa e actuación programadas, incluíndo as marxes de tempo que preceden e que seguen ás sesións de clase.



ANEXO III

Modelo de declaración de cesión e tratamento de datos en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona....., DNI....., como presidente da entidade....., con NIF....., e domicilio fiscal en

beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR que participa como cotitular do programa "Xerando cultura de acollemento" no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos na liña de investimento I2 do proxecto número 7 (Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia) incluído no Compoñente 22 "Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social", declara coñecer a normativa que é de aplicación, en particular os seguintes apartados do artigo 22, do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia:

1. A letra d) do apartado 2: «solicitar, para efectos de auditoría e control do uso de fondos en relación coas medidas destinadas á execución do programa no marco do plan de recuperación e resiliencia, nun formato electrónico que permita realizar procuras e nunha base de datos única, as categorías harmonizadas de datos seguintes:

- i. O nome do perceptor final dos fondos;
- i. os nomes, apelidos e datas de nacemento dos titulares reais do perceptor dos fondos, segundo se define no artigo 3, punto 6, da Directiva (UE) 2015/849 do Parlamento Europeo e do Consello;
- ii. unha lista de medidas para a execución do programa no marco do plan de recuperación e resiliencia, xunto co importe total do financiamento público de ditas medidas e que indique a contía dos fondos desembolsados no marco do Mecanismo e doutros fondos da Unión».

2. Apartado 3: «Os datos persoais mencionados no apartado 2, letra d), do presente artigo só serán tratados polos Estados membros e pola Comisión para os efectos e duración da correspondente auditoría da aprobación da xestión orzamentaria e dos procedementos de control relacionados coa utilización dos fondos relacionados coa aplicación dos acordos a que se refiren os artigos 15, apartado 2, e 23, apartado 1. No marco do procedemento de aprobación da xestión da Comisión, de conformidade co artigo 319 do TFUE, o Mecanismo estará suxeito á presentación de informes no marco da información financeira e de rendición de contas integrada a que se refire o artigo 247 do Regulamento Financeiro e, en particular, por separado, no informe anual de xestión e rendemento».

Conforme ao marco xurídico exposto, manifesta acceder á cesión e tratamento dos datos cos remates expresamente relacionados nos artigos citados.

....., de de 202.....

Asdo.

Cargo:



ANEXO IV

Modelo declaración de compromiso en relación coa execución de actuacións do plan de recuperación, transformación e resiliencia (PRTR)

Don/Dona, con DNI, como presidente da entidade.....
....., con NIF....., e domicilio fiscal en
.....na condición de
beneficiaria de axudas financiadas con recursos provenientes do PRTR que participa como cotitular do programa "Xerando cultura de acollemento", no desenvolvemento de actuacións necesarias para a consecución dos obxectivos definidos na liña de investimento I2 do proxecto número 7 (Modernización, dixitalización e mellora dos servizos de protección, atención e acollemento da infancia) incluído non Compoñente 22 "Economía dos coidados e reforzo das políticas de igualdade e inclusión social", manifesta o compromiso da entidade que representa cos estándares máis esixentes en relación co cumprimento das normas xurídicas, éticas e morais, adoptando as medidas necesarias para previr e detectar a fraude, a corrupción e os conflitos de interese, comunicando no seu caso ás autoridades que proceda os incumprimentos observados.

Adicionalmente, atendendo ao contido do PRTR, comprométese a respectar os principios de economía circular e evitar impactos negativos significativos no medio ambiente («DNSH» polas súas siglas en inglés «*do no significant harm*») na execución das actuacións levadas a cabo no marco do devandito Plan, e manifesta que non incorre en dobre financiamento e que, no seu caso, non lle consta risco de incompatibilidade co réxime de axudas de Estado.

....., de de 202.....

Asdo.

Cargo:

